

**Programa das Festas do
Corpus Christi de
Ponteareas**

Páxina 5

**Adxudicadas as obras
da piscina de Arbo**

Páxina 10

**1 de xuño
manifestación contra o
paso a nivel do Porriño**

Páxina 11

**Salceda investirá
365.000€ en mellorar
viais do Casco Urbano**

Páxina 13

**V edición de Tapearte
en A Guarda
3 fines de semana**

Páxina 16

**Fernando Trueba e
Gracia Querejeta no
Festival de Cans**

Páxina 20



Salvaterra de Miño conmemora o seu milenio de existencia

Páxina 3



ecocelta®
Naturaleza en equilibrio

Ecocelta co campo galego

**Abonos e sustratos
ecolóxicos**

**Materias primas
de Galicia**



ecocelta
Materiais ecolóxicos
para a agricultura e horticultura
Servizo técnico e asesoría
WhatsApp: 986 645 487

Ecocelta Galicia, S.L. T. 986 645 487 administracion@ecocelta.com
Crt. PO-253 km 0,8 Pontacóns-Pías 36895 Ponteareas

CONDADO / PARADANTA

SALVATERRA

Medallas para o Bádminton As Neves no Campionato de España

A primeira fin de semana de maio disputábase en Oviedo o campionato de España absoluto sub11, desde o venres 4 ata o domingo 6 pequenos e absolutos do club deron guerra de xeito abondo en terras asturianas.

O club bádminton As Neves viaxaba con 3 sub11, Adrián Rodríguez (veciño de Salvaterra de Miño) e Óscar González e Iker Rodríguez (ambos de Pontearreas) nunha categoría cunha das inscricións máis altas dos últimos anos (máis de 100 nenos en total). Os xogadores nevenses despois dunha boa xornada de venres clasificábanse entre os 16 mellores para as roldas finais do sábado. Sábado pola mañá Óscar era o primeiro en caer do club pero facíao cun meritorio 9º posto. Adrián e Iker seguían en competición tanto en dobres como en individual. Adrián Rodríguez topábase cun duro cruzamento en cuartos de final (Ismael Oballe de Eivissa campión a posteriori) e despois dun loitado e axustado 16-14 15-13 cedía ante o ibicenco. Pola súa banda Iker Rodríguez vencía en cuartos de final a Yulien Gil (de Eivissa) e se metía en semifinais contra Ismael Oballe (non houbo sorte no sorteo) Iker caía da mesma forma que Adrián tras un bo par-



tido loitado e disputado polo xogador nevense no cal se acababa impondo Oballe por 2 sets a 0. Co 5º posto de Adrián e o bronze de Iker os xogadores disputaron 2 partidos clave en dobres masculino. Cuartos de final contra a parella navarra, á que venceron tras un longo partido onde fixo falta a terceira manga para decidir o encontro a favor dos pequenos galegos, e semifinais contra a parella formada polo madrileño Alejandro Sanz e o manchego Angel Flores. Partido de semifinais no cal os nevenses xogaron moi concentrados e gañaron cun cómodo 2-0. Coa prata asegurada o domingo disputaron a final de dobres sub11, en fronte o verdugo de ambos en individual (Ismael Oballe) e Pedro Rey o galego da Estrada. Tras dous sets de inter-

cambio de golpes os nevenses perdían a final e conseguían 1 prata, 1 bronze, 1 quinto posto e 1 noveno debido a que demostra o nivel e a clase destes nenos quedando os 3 entre os 10 mellores do torneo.

Doutra banda os absolutos: Laura Valverde, Alejandro Rivadulla, Brais Vidal, Bruno Moldes e Brais Alves. Disputaban o seu campionato de España sendo exemplo para os pequenos que os admiran e imitan. Tras un fin de semana de duros encontros os nevenses conseguía un botín de 2 bronzes en absoluto.

Bronce para Laura Valverde en dobres feminino e bronze para Bruno Moldes e Brais Alves en dobres masculino.

Gran torneo en liñas xerais do cal o club se trae para casa 1 prata, 3 bronzes e 2 quintos postos.

Premio Nacional para alumnos de FPB madeira do IES Salvaterra

Os alumnos Rocío González e Francisco José Martínez, de 2º curso de Formación Profesional Básica de carpintería e moble no IES Salvaterra, acadaron o premio "Taburete Koh3et" ao mellor proxecto de grao medio en equipo. O proxecto foi premiado no XIV Concurso Nacional de proxectos de instalación e desenvolvemento de produtos de madeira e moble "Ciudad de Irún & Ciudad de Badajoz".



Inspección Técnica de Equipos de Aplicación Fitosanitaria o día 25 en Meder

O Concello de Salvaterra de Miño informa que o próximo 25 de maio a unidade de Inspección Técnica de Equipos de Aplicación Fitosanitaria estará en Talleres Lamas, na parroquia de Meder. A

ITV específica de sulfatadoras, obrigatoria para equipos que superen os 100 litros e os 5 anos de antigüidade.

É moi importante que o día da inspección se leve toda a documentación necesaria.

o remendón
CERRAJERO

24 HORAS

- Apertura de portas
- Cambios de cerraduras
- Mantenimento de comunidades
- Duplicado de llaves y telemandos
- Automatismos
- Amaestramiento bombillos
- Reparación de calzado

SERVICIO OFICIAL Duplinox

Rosalía de castro, 61
Salvaterra de Miño

637 764 865
www.cerrajeroremendon.com

o noso Eido

taberna

Especialidades en: Angulas e Lampreas, Peixes do Río, Choccos a Frío, Bacalao e Kikos a la brasa.

RESERVAS: Ana 651 040 534 - Coke 646 424 968
Telf. 906 658 313 Rúa da Fraga, 5 SALVATERRA DE MIÑO (PO)

PINTURAS FERNANDO MÍGUEZ

Rúa Argentina, 11- Salceda de Caselas
T 886 115 548

Rúa Galicia, 5 - Salvaterra de Miño
T 986 658 529

Móvil 643 316 524
pinturasfernandomiguez@hotmail.com

SALVATERRA DE MIÑO

Salvaterra conmemora o seu milenario

O Concello quere implicar aos máis cativos nos actos conmemorativos dos seus máis de mil anos de historia que se realizarán o 24 de maio, Festivo Local.

É no ano 991 cando atopamos o primeiro documento escrito que fai referencia a Salvaterra de Miño, o que a converte nunha auténtica Vila Milenaria. Neste texto o monarca Vermudo II asinaba, un 24 de maio do ano 991, un documento no que lle cedía á igrexa compostelá e ao seu bispo D. Pedro Martínez de Mosoncio, a vila de “Lacedurium” (que foi o nome orixinario do pobo). Esta vinculación entre Salvaterra e a igrexa compostelá manteríase durante un longo período, ata ben entrado o século XIX, durante o cal, os veciños e veciñas pagaron o diezmo á sede santiaguesa.

Tras este episodio, son moitos os documentos nos que se fai referencia ao nome da vila, que progresivamente ía modificándose de Lacedurium a Lazoiro. A última mención ao topónimo de Lazoiro aparece no documento de anulación dos foros da cidade de Tui, realizado polo rei Fernando II en 1170. Sería en tempos de Alfonso IX, que ascendeu ao trono en 1188, cando a vila recibiría o seu topónimo actual, Salva-

terra de Miño. Algunhas teorías apuntan a que este topónimo pode derivar do característico recinto amurallado, cuxa finalidade non era outra que “salvar” o pobo das invasións portuguesas, o que daría lugar ao nome de Salvaterra.

Dentro deste contexto o Concello realizará diversos actos conmemorativos o próximo 24 de maio, día declarado polo Pleno da Corporación como Festivo Local, pero sen dúbida centrarán o seu esforzo na participación dos nenos e nenas do Municipio, a través do II Certame Artístico “Salvaterra Milenaria” para que nos trasladen a súa visión, a través das diferentes categorías, do que sería a nosa Vila nese intre da historia. Segundo a Tenente de Alcalde, Marta Valcárcel Gómez, “o obxectivo deste certame é que @s alumn@s dos Centros de Ensino do Concello nos ofrezan a súa visión do pasado da nosa Vila, ao tempo que se fomenta a súa imaxinación e creatividade, así como a participación nas actividades culturais do Concello”. Para elo estableceranse diferentes categorías, atendendo tanto a disciplina

utilizada como a idade d@s participantes. O xurado estará composto por persoal docente dos centros escolares e do propio Concello.

Así @s nen@s de Infantil participarán dentro da categoría de debuxo, @s de primaria e secundaria en manualidades e bacharelato en relato curto. Todas as categorías estarán premiadas con 3 premios, de 100, 75 e 50 €, para gastar en material escolar, informático, deporte ou vestimenta para @s gañador@s.

Todos os traballos serán expostos na web do Concello e nas Covas de dona Urraca o día 24 de maio, día no que se fará tamén entrega dos premios, dentro dos actos conmemorativos que ofrecerá o recinto amurallado aos seus visitantes durante a festividade local.

Uns actos conmemorativos que comezarán ás 9.30 cun xogar que percorrerá as rúas da Vila. Ás 10.30 será o acto de recreación da cesión da Vila de Lacedurium, despois a entrega de premios do certame artístico, actuación do Coro Lacedurium e apertura dos

xogos tradicionais no exterior do Castelo. Como novidade este ano durante toda a xornada haberá unha feira de artesanía e exposición de traxes medievais. Pola tarde volverase a abrir os xogos tradicionais e obradoiros tradicionais de Cuños de moeda con plastilina e escritura a pluma. Ás 17.30 os mais cativos poderán desfrutar dun contacontos infantil e pecharase a xornada ás 19.30 cun espectáculo de Alquimia.



CONDADO / PARADANTA

SALVATERRA DE MIÑO

Salvaterra aproba as bases da decimoterceira convocatoria dos "Premios de Educación 2017/2018"

Segundo a 1ª Tte de Alcalde e Concelleira de Educación, Marta Valcárcel Gómez, os 'Premios de Educación do Concello de Salvaterra de Miño' naceron co ánimo de incentivar o estudo e reforzar actitudes e hábitos relacionados co traballo, esforzo, participación e convivencia entre os xóvenes. Un proxecto máis froito da interacción e colaboración entre os Centros Educativos do Municipio e o Concello, na busca de incentivar, animar e premiar o esforzo dos estudantes, hábitos que marcarán o seu futuro e que os poñerán en valor como persoas e profesionais.

Tomarán parte nesta convocatoria que ven de aprobar a Xunta de Goberno Local o alumnado do Instituto de Educación Secundaria e máis dos tres centros de educación primaria de Salvaterra de Miño, CEIP Infante Felipe, CEIP de



Leirado e CEP Carlos Casares, que cumpran os requisitos imprescindibles que sinalan para cada unha das distintas etapas educativas que se establecen nas bases.

Os premios serán entregados a principio do mes de xullo, e, tal e como establece as bases, repartiron 14 lotes informáticos compostos por unha 'Tablet Samsung Galaxy', funda, Powebank e tarxeta de memoria de 32 GB, para os nenos e nenas de primaria, ESO e Ciclo de Caldeirería e Soldadura.

Ademais os tres mellores ex-

pedientes de 2º de Bacharelato, acadarán as bolsas de estudo que consistirán nunha viaxe a Reino Unido – Worthing (costa sur de Inglaterra) co obxecto de perfeccionar a lingua inglesa. A bolsa inclúe os seguintes servizos: viaxe de ida e volta, aloxamento en familia en pensión completa, curso de inglés xeral de 3 semanas con profesorado nativo, material escolar, certificados, actividades, programa social, excursións, tarxeta de transporte e seguros.

Temos que recordar que o

noso Concello foi un dos primeiros e dos poucos que a día de hoxe premian a excelencia académica pondo en valor o esforzo escolar. A posta en marcha desta iniciativa é "premiar" os mellores estudantes foi froito da colaboración e traballo conxunto entre a administración local e os centros educativos do municipio para fomentar o traballo nas aulas e de paso, evitar o fracaso escolar incentivando o esforzo e premiando o traballo e a constancia, ademais da propia actitude do alumnado.

Aprobadas axudas de 75€ para material escolar

O Concello de Salvaterra de Miño aprobou en Xunta de Goberno Local as bases e a convocatoria específica de concesión de axudas económicas de 75,00€ destinadas á adquisición de libros e material escolar de cara ao próximo curso 2018-2019.

Estas axudas están dirixidas aos alumnos de Educación Infantil matriculados nos centros escolares de Salvaterra.

O prazo para a presentación das solicitudes será do 9 xullo ao 9 agosto, ambos inclusive. Os interesados en solicitar esta axuda económica deberán presentar as solicitudes xunto coa documentación esixida polo Departamento de Servizos Sociais, os martes, mércores ou xoves, nese mesmo departamento, de 08.00 a 14.00 horas.

BODEGUILLA PULPERIA
TAPERIA
BERCEO

Rosalía de Castro, 6
PONTEAREAS

Teléf. 986 660 826

ASER GALICIA
CENTRO DE NEGOCIOS
ASESORÍA DE EMPRESAS

salvaterra@asergalicia.com 986 664 292
Curros Enríquez, 8 . Salvaterra de Miño
asesoria@asergalicia.com 986 640 015
Rúa Redondela, 11 . Ponteareas

AGROITIS

Análises de Viño - Asesoramento Técnico
Productos Agrícolas, Enolóxicos e fitosanitarios

986 642 507
Rúa Ciclista Delio Rodríguez, 4 baixo
Ctra. de Salvaterra Ponteareas

milfollas

Carballos, 10 - PONTEAREAS
Telf: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATERRA
Telf: 698 126 552

milfollas@mundo-r.com

LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA

Panadería Pastelería
A Fogaza
Pan Artesano

Dario Bugallal, 7 Ponteareas
Telf: 886 15 52 49 - 661 95 84 79

ELECTRICIDAD IN. M. A. C. CONDADO. S.L.

Jorge Ferreira Bouzo
Instalador Autorizado PD-1803

- Instalacións e montaxes eléctricas en xeral
- Calefacción eléctrica
- Alumeados públicos
- Estudos e proxectos de aforro enerxético
- Servizo de averías e mantemento **24 Horas**

Tel: 986 65 82 07 Móviles 651 86 01 55 - 85 email: administracion@electricidadcondado.es
Políg. Ind. Chan da Ponte, Nave 1 - 30450 SALVATERRA DE MIÑO

CONDADO / PARADANTA

PONTEAREAS

Un parque moi pouco “biosaudable”

As imaxes que achegamos corresponden ao parque Biosaudable que se inaugurou en 2010 e que forma parte das instalacións da Residencia da 3ª idade e Centro de Día de Ponteareas, aínda que tamén está aberto a todo o público.

A situación do mesmo, como se pode comprobar nas fotografías, é deplorable. Pero xa non é só o estado, completamente abandonado, dos aparellos de ximnasia ou a moita maleza existente. O máis grave é que a zona está a servir tamén de almacén de materiais de construción para unha empresa privada de Caldas de Reis, como ACiP xa denunciou en máis dunha ocasión, e que realiza traballos para o Concello de Ponteareas con facturas de miles de euros.



“Ademais do abandono municipal e a situación na que se atopa o parque”, sinala o portavoz municipal de ACiP, Juan Carlos González, “temos tamén que destacar o abuso co que actúan algunhas empresas, neste caso de fóra de Ponteareas e da que xa denunciámos a situación “non correcta” coa que está a realizar

traballos na vila”.

Para González, esta situación “non se pode permitir e imos tomar as medidas que sexan necesarias ante un goberno incompetente que está a deixar que os veciños paguen situacións como esta; máis aínda neste caso, con instalacións pensadas para as persoas maiores, o que nos parece moito máis grave”.

Dúas zonas para aterrizaxe de helicópteros completarán o plan de seguridade para o Corpus

O Alcalde, Xosé Represas, e a Concelleira de Seguridade Cidadá, Vanesa Fernández, recibiron no concello á Subdelegada do Goberno, Ana Ortíz, para manter unha reunión con motivo do dispositivo de seguridade que se habilitará durante a celebración das festas do Corpus Christi de Ponteareas. Neste encontro participaron ademais, o coronel, o capitán e o teniente da Garda Civil, o inspector xefe da zona de Vigo da Policía Autonómica, a representante provincial de Violencia de Xénero, a Policía Local, Protección Civil e Bombeiros de Ponteareas.

A concelleira de Seguridade Cidadá adianta que xa se ten solicitado á Xunta de Galicia o posto de mando avanzado para que ao igual que o ano pasado AXEGA coordine as actuacións en materia de seguridade ante a previsión dunha masiva afluencia de público. No operativo participan ademais Cruz Roja, voluntarios e equipos médicos.



Dentro do operativo dispórase de dúas zonas de aterrizaxe para helicópteros por se houbera que facer algún traslado de emerxencia, unha ubicada na zona do parque das pombas e outra no Centro de Saúde.

A concelleira tamén solicitará a EOXI da área de Vigo dependente do Servizo Galego de Saúde que reforme o centro de saúde na noite do dous ao 3 de xuño e na mañá do domingo día 3 na que terá lugar a procesión.

Prohibirase a circulación e estacionamento de vehículos de masa máxima autorizada superior a 3,5 toneladas no casco urbano, agás carga e descarga

ou zonas habilitadas para a subida e baixada de viaxeiros, dende as 16:00 horas do sábado 2 ata as 16:00 horas do domingo 3. Os autobuses destinados ao transporte de viaxeiros poderán cargar e descargar viaxeiros pero aparcarán ou na zona da Freixa ou no entorno do supermercado Eroski en Angoares.

Ademais, no decorrer desta reunión tratáronse temas como a redución no número de incidencias penais e delitos. Así mesmo, abordáronse cuestións relativas ás actuacións en materia de violencia de xénero e a aplicación de campañas específicas de concienciación dende as idades máis temperás.

Ponteareas acollerá os tres campionatos finais do Provincial de Bádminton 2018

O Club Bádminton organiza en colaboración coa concellería de Ponteareas os tres campionatos finais do Provincial de Bádminton 2018. A provincia de Pontevedra é a que máis xogadores e xogadoras de bádminton de toda Galicia amosando en cada campionato e proba o potencial dos seus deportistas.

O pavillón Álvaro Pino de Ponteareas acollerá estas tres probas. Despois de dez xornadas a final da Copa Promoción Bádminton Xogade que terá lugar o día 13 para dobles e o seguinte domingo día 20 para individuais nas categorías benxamín, alevín, infantil e cadete.

O Condado e a Paradanta

estarán representados por un amplo número de xogadores e xogadoras dos distintos centros educativos da zona.

O sábado día 27 disputarase o campionato provincial Bádminton Escolar no que máis de douscentos nenos e nenas de vinteun centros educativos e clubs da provincia de Pontevedra competirán.

Organizado polo club Bádminton Ponteareas e os servizo de deportes provincial da Xunta de Galicia e coa colaboración do concello de Ponteareas e ADECONPAR, o coordinador da delegación provincial, Guillermo Reinaldo, estivo presente na presentación destes tres campionatos que encherán de deporte as tres vindeiras semanas.



O IES Val do Tea acolle o V Torneo de Xadrez Ramiro Sabell

O Club Xadrez Ramiro Sabell organiza o V Torneo Xadrez Ramiro Sabell. O encontro será o vindeiro xoves 17 de maio ás 11 horas no IES Val do Tea e no mesmo veránse a cara os xogadores das categorías sub-8, sub-10, sub-12, sub-14 e Absoluta.

A organización entregará

trofeos aos cinco primeiros clasificados de cada categoría (3 en absoluta) e recordos para todos os participantes ademais de sortear agasallos ao remate.

O límite de prazas é de douscentas e xa está aberta a inscrición na ligazón <http://www.xadrezramirosabell.com>

■ **Por: Guillermo Rodríguez. Director**



Día das Letras Galegas e outras cousas

Se a memoria non me falla foi no ano 1963 cando o xa falecido Fernández del Riego propuxo á Real Academia Galega institucionalizar un Día da Letras Galegas, para lembrar a data en que se editara o libro Cantares Gallegos de Rosalía. A quen lle sería dedicado ese primeiro Día Das Letras Galegas.

Dende aquela vimos asistindo cada 17 de maio a unha especie de aquelarre lingüístico no que converxen todos; os que respectan e aman o galego e os que se aproveitan del para sacar tallada. Neste último lote podemos meter aos medios de comunicación editados en Galicia (porque o de galegos xa é outra dimensión, que se pasan o ano, pasándose (valla a case redundancia) o Día das Letras Galegas polo seu arco do trunfo particular.

Hoxe a sociedade está alienada totalmente. Quedan certos individuos/as que cada Día 17 de maio aparecen coma os iluminados e defensores do galego de toda a vida, cando durante o ano consideran o uso do noso idioma como algo friki, algo demodé que so interesa a catro nacionalistas incorixibles. Agora hai que apuntarse á modernidade: inglés, chino (quen o diría 20 anos atrás), alemán (Merkel pesa moito) e se acaso francés.

Cando un País, caso de Cataluña, se enfronta a todo un “Estado de dereito” como lle gusta encher a boca a Rajoy, e defende as súas institucións históricas (voltaremos a falar disto porque a festa non fai máis que comezar de novo) e o seu idioma e tamén, claro está, a súa propia cultura, os medios de comunicación pessebristas (agás uns cantos dixitais, son practicamente todos), véñennos machacando cal martelo pilón que non se pode permitir tales faltas de

respecto ao resto do Estado. En Galicia aos que apoian o dereito de autodeterminación dos cataláns trátanos pouco menos que de “terroristas políticos” (chamarlles terroristas directamente parécelles demasiado forte).

Nas escolas galegas o uso do idioma galego é pouco máis ca testemuñal, é unha asignatura do programa. Os alumnos/as dos centros están instalados no castelán; así o deciden os profesores e os

país. É algo natural; Galicia vaise esvaecendo entre a néboa tan característica destas terras nosas, o noso rural ata poucos anos atrás muro defensivo do uso do galego con toda normalidade se decidiu aterrar nas vilas e cidades. Aquí falar en galego resulta raro, demostra falta de cultura, de fineza. Os maiores que acompañan aos fillos e netos e que viñeron detrás deles a vivir nas cidades atópanse nunha extrana situación: non saben falar ben o castelán

pero non deben falar galego porque deixarían en mal lugar aos seus: aos fillos e aos netos. Logo, non lle queda outra que, ou ben estar calados a maior parte do tempo cando saen a rúa, ou falar pouco para que non se lle note a súa falta de “práctica en castelán”. Son as últimas vítimas deste noso País que vai morrendo pouco a pouco nas mans dos seus propios fillos/as..

E logo chega o día 17 de

maio. A Xunta de Galicia agasalla aos medios editados en Galicia e fora de Galicia, que non usan o galego nin sequera nun 5% dos contido diários, cunha campaña de insercións publicitarias todos os días do mes que veñen a custar un pastón. Aos medios editados en Galicia que veñen usando o galego como único idioma dos seus contidos informativos “bótalles unhas farangullas”, para que non se diga, pero só unha vez, non vaia a ser que se acostumen. De vergoña. Aos responsables deste reparto de diñeiro público debera caerlles a cara de vergoña. Pero non se preocupen. Veranos durante estes días acompañados por outras autoridades que representan a institucións galegas, supostamente galeguistas, en actos e comilonas. Todos en amor e compañía. Aquí practicamos o de “se non podes vencer ao teu inimigo únete a el, sempre che caerán unhas migallas”. Porque iso é o que dende a Xunta de Galicia se dedica a normalización do galego. Hai centos, miles de libros sobre a normativización do galego; pero para normalizalo, iso xa é outro cantar. A quen lle interesa que o galego sexa o idioma de uso normal en Galicia? Case a ninguén; total para o que serve!!

A falta de decencia e de honestidade daqueles que dis-

frutan de certos privilexios sociais, que cobran uns bos emolumentos do erario público, é de tal calibre que dan ganas deTranquilos!! somos xente pacífica. A nosa rabia gardámola dentro. O noso noxo cara a estes personaxes de teatro de Barriga Verde lévanos a non darlle nin sequera os bós días. . Co seu pan o coman. Nós seguiremos falando, escribindo, publicando no idioma que aprendemos no colo de nosa nai, cando mamabamos, cando nos durmíamos cun canto de berce, que os hai preciosos; Vexan : Durme meu neno durme/ sen máis pranto/ que o tempo de chorare/ vai pasando / que a terra na que vives / no que bágoas/ precisa homes en-teiros/ pra liberala/ durme meu neno, durme/ colle forzas/ que a vida que che agarda/ pide loita...) . Cada quen que faga da súa capa un saio. Seguro que llelo van agradecer ofrecéndolles postos de “alcurnia”, deses que lles permiten saír na foto coas autoridade de postín.

Alá eles. Nós seguiremos coa nosa teima porque a sentimos dentro, moi dentro de nós. Iso é algo que non serán quen de quitarnos.

Que sexan felices en galego ou en calquera outro idioma que lles apeteza. Non seremos nós quen lles poñamos atrancos; diso xa se encargan outros.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosspanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69
redaccion@novasdeturonio.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com , Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, Pilar Martínez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxío Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Balamero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luis Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

O PSdeG-PSOE denuncia que os novos radares instalados na N-120 só obedecen a un afán recadatorio

Os socialistas de Ponteareas denuncian a instalación de novos radares de velocidade na N-120 con fins unicamente recadatorios por parte do goberno de Mariano Rajoy. Estes radares, explica a edil socialista Vanesa Fernández, non teñen ningunha lóxica xa que están colocados nunha recta con visibilidade onde a velocidade máxima é de 80 quilómetros por hora con liña discontinua, polo que está permitido adiantar.

Ademais, a edil de seguridade despois de ter mantido diversas reunións cos corpos de seguridade, asegura que nunca se puxo de manifesto unha velocidade excesiva nese tramo, de feito, “os últimos datos das medicións levadas a cabo indican todo o contrario” engade Fernández.

Neste senso, os socialistas de Ponteareas instan ao Goberno de España a eliminar este radar e a tomar as medidas acordadas co Concello de Ponteareas e coa Plataforma de Afectados pola N-120 para a mellora da seguridade na denominada “carretera general”.

O Partido Socialista lémbralle ao Partido Popular e



ao Goberno de España que os últimos accidentes do 2016 na N-120 marcaron un punto de inflexión para os veciños de Ponteareas que conviven día a día cunha autoestrada pola que pasan máis de 16.000 vehículos diarios.

Hai un ano o PSOE levaba unha PNL ao Congreso do Deputados aprobada co voto a favor de todos os grupos parlamentarios agás o do Partido Popular, na que se instaba ao goberno a mellorar a seguridade na N-120. Entre as propostas para a reforma e a mellora da seguridade da estrada ao seu paso polo

termo municipal de Ponteareas, establecéronse obras como a instalación de catro rotondas, semáforos, pasos de peóns, pasos elevados e melloras de iluminación, “obras que son exclusivamente competencia do Goberno do Estado” sentencia Vanesa Fernández.

Os socialistas de Ponteareas manifestan estar cansos de que o Goberno de Mariano Rajoy faga anuncios sen feitos, por este motivo, a edil socialista Vanesa Fernández pídelles ao goberno do Estado que “deixe de quitarlle os cartos á xente traballadora e cumpra co seu deber”.

O goberno pide á Xunta a suspensión da aplicación de Glifosato nas estradas

O goberno de Ponteareas solicita á Xunta de Galicia que deixe de utilizar nas estradas de titularidade autonómica do territorio municipal de Ponteareas o produto glifosato como herbicida para limpar as cunetas das estradas ao consideralo altamente contaminante.

Segundo explica o Concelleiro de Medio Ambiente e Alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, a solución que emprega a empresa contratada pola Xunta de Galicia é nociva para o medio natural prolongándose os seus efectos durante varios anos.

A substancia empregada por esta empresa queima todo tipo de herbas sen distinción e dana non só o solo sen tamén a fauna que vive nesa zona.

Mentres que no informe da empresa asegúrase que a perigosidade xeral é baixa ao igual que na fauna terrestre e na fauna acuática, o goberno atopa informes da propia empresa fabricante do produto que advirte da toxicidade para persoas (podendo provocar irritación ocular grave) e para organismos acuáticos con “efectos duradeiros” provocando a longo prazo efectos negativos no medio ambiente acuático.

Ademais, nun informe do propio Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente, recomenda deixar un

prazo de ao menos sete días antes facer circular a auga pola zona tratada e aplicar despois da floración.

No informe da empresa remitido ao concello asegúrase que “dada a baixa toxicidade dos produtos a empregar e na citación expresa nas fichas de seguridade dos produtos de ausencia de prazos de seguridade non será necesaria a sinalización da zona ni ningún tipo de restrición de paso de persoal na zona de tratamento. En cambio, no informe do ministerio adianta que se debe agardar ao secado e que se debe manter unha franxa de seguridade de cinco metros ata as masas de auga superficial para protexer os organismos acuáticos, prescando moita precaución aos márxenes de regos.

“O goberno da Xunta de Galicia contradí os informes do ministerio ao permitir que empreguen esta substancia que tantas veces estivo baixo observancia e que ningunha outra administración como a Deputación ou estradas do estado emprega tal e como podemos comprobar nos traballos que o Estado realiza estes días na A-52”.

O goberno de Ponteareas recomenda apostar polo desbroce tanto manual como mecánico e advirte que a veciñanza amosa a súa preocupación ante o emprego deste herbicida.

Exitoso fin de semana do Club Ciclista Ponteareas

Clube Ciclista Ponteareas seguiu a sumar medallas nas diferentes probas nas que participou na pasada fin de semana

No Xco de Piñor o corredor Miguel Rodríguez conseguiu gañar na categoría cadete, Borja Gómez participou na

súa primeira proba de Xco, xunto co seu pai Calis e David Alfonso Giraldez en categoría master colocouse nos primeiros postos.

No Minibtt de Esmelle en Ferrol, Aarón Rodríguez acadou a 4ª posición en categoría promesa.

Na Carreira de Carretera en

Padrón Brais Gomez Cima fixo unha gran carreira conseguindo o 1º posto, xunto cos seus compañeiros Adrián Giraldez Rodríguez e Adrián Canda colocáronse entre os dez primeiros da categoría xuvenil. Vania Gregores conseguía en categoría Infantil Femenino o primeiro posto do

caixón. Os seus irmáns Brais e Alba Gregores conseguían en categoría principiantes o 4º posto. En categoría promesa Arón Porto subía ao caixón no 1º posto.

Este xoves 17 o Club Ciclista Ponteareas participará no Campionato de Galicia de Contrarreloxo Individual.



O goberno de Ponteareas prepara a mellora a entrada ao centro urbano no cruce da N-120 sobre o Tea con Mondariz

A contorna da rotonda de Mondariz será obxecto de distintas actuacións que pretenden mellorar a accesibilidade ao centro de saúde e ao complexo deportivo, ademais de ofrecer aos peóns vías de acceso máis seguras e amables así como a conexión sobre a senda do Tea ampliando a plataforma peonil sobre a N-120.

Obras nas beirarrúas, axardinamento, mellora da seguridade viaria e renovación dos accesos ao centro de saúde e á zona deportiva da piscina e pavillóns son algunhas das ideas que recolle o proxecto que acadará un orzamento aproximado de 600.000€. O goberno

pretende que o proxecto sexa aprobado dentro da convocatoria de obras singulares coa subvención máxima de 400.000€ e o resto sería financiable cos fondos da Unión Europea dentro da estratexia "Ponteareas, Hábitat Saudable".

A Tenente de Alcalde e concelleira de Vías e Obras, a socialista Chus Garrote, indica que a partir do estudo técnico previo do que se acompaña un plano, o goberno encargará o proxecto definitivo para a súa presentación na convocatoria da Deputación. O proxecto incluírá tamén o derribo dun equipamento con ameaza de ruína técnica que en anteriores gobernos do PP acollía

unha oficina de turismo.

Mellorar a tarxeta de presentación da entrada ao centro urbano dende a nacional e facer dese espazo unha área máis afable son algúns dos obxectivos deste goberno que aposta por unha cidade na que os peóns poidan transitar por espazos seguros e que conviden ao paseo.

Nesta zona de servizos tan básicos como o sanitario e o deportivo tamén conflúen algúns dos sendeiros de lecer dos que dispón a veciñanza como o regato da Venda, praia de A Freixa e zona deportiva de Pardellas. Tentar atenuar o impacto da N-120 que divide a cidade é outro dos obxectivos deste goberno



que con este novo proxecto minorizará a complexidade deste espazo no que se atopa unha rotonda, unha estrada nacional e unha comarcal e edificios de servizos con alta afluencia de persoas.

O Alcalde de Pontearea, o nacionalista Xosé Represas, ex-

plica que é imprescindible incrementar a seguridade dos peóns nesta zona de alto tránsito tanto humano como de vehículos ofrecéndolle ademais sendeiros, camiños e beirarrúas máis atractivas que permita unha senda peonil segura e segregada do tráfico de vehículos.

Segunda fase das obras na Escola de Cerdeira



Nos últimos días o Concello das Neves está levando a cabo obras na Escola de Cerdeira, un dos edificios municipais das parroquias que levaba no esquecemento 20 anos ata a chegada do actual goberno.

Nunha primeira fase de hai

xa uns meses actuouse no tellado para evitar filtracións e o posible derrube nalgúnhas partes. Agora estase a traballar no interior recuperando os baños e a sala principal para que a veciñanza da parroquia teña un lugar digno no que reunirse.

O Alcalde das Neves, Xosé Manuel Rodríguez Méndez, amais de recoñecer o abandono ao que estivo sometida Cerdeira por gobernos anteriores, expresa que "estas son obras afectan a unha comunidade de persoas que viven en lugares que queremos preservar. Hai políticas doutros encamiñadas a despoboar o rural, pero nos, na medida do posible loitamos polo contrario, o mantemento e o asentamento no rural. Isto, o pulo polo rural, vai necesariamente da man de melloras en infraestruturas e mobilidade pero tamén en políticas sociais como é ofrecer a veciñanza de Cerdeira un lugar no que poder xuntarse para falar, tomar decisións comúns e incluso festexar.

Depo-Andaina nas Neves

O domingo 20 de maio terá lugar en As Neves unha Andaina, organizada pola deputación, de 15kms., percorrido circular, de dificultade media-alta. Con

saída e chegada diante da Casa do Concello cara aos montes da Paradanta, desde onde hai vistas panorámicas do Padaranta, o Val do Miño e as veces incluso o mar, situado a casi

40kms. Logo de pasar pola parte alta da serra no descenso agardan muiños, a capela de San Bartolomeu e os achados de arte rupestre de Taboexa e A Coutada, onde haberá un avituallamento. A inscrición é ata o día 16 de maio.

Mercado de Mondariz aposta polos queixos e embutidos galegos

Os Sábados 19 e 26 de maio terá lugar no Mercado de Mondariz dúas xornadas de promoción dos queixos e os embutidos galegos, con motivo da celebración da Campaña Internacional "Quere o teu Mercado" que este ano ten como lema "Mercados preto do teu corazón" coa que se pretende achegar a poboación as prazas de abasto.

Mondariz aposta este ano polos pequenos produtores de queixos e embutidos galegos, dous produtos tradicionais que nos últimos anos teñen evolucionado moito tanto en calidade como en orixinalidade e que teñen nas prazas de abasto o seu punto máis idóneo de comercialización.

Queixos e embutidos con estrugas, Xamón de boi, queixos de leite de vaca jersey ou queixos de cabra as finas her-



bas, serán algunhas das delicias que se poderán degustar no evento

En cada unha destas dúas xornadas os clientes da praza poderán coñecer in situ os elaboradores e degustar os seus produtos. Tres queixerías e dous elaboradores de embutidos estarán presentes no mercado durante a mañá en horario de 10:00h a 14:00h con postos de venda e degustación.

CONDADO/PARADANTA

ARBO

A Andaina da Lamprea será o 17 de xuño

A Andaina da Lamprea organizada polo Concello de Arbo, que este ano vai pola súa 3ª Edición, foi adiada o pasado 8 de abril e se celebrará finalmente o vindeiro 17 de xuño.

A saída será dende a Praza do Concello ás 9.30 h., configurándose como un percorrido circular de aproximadamente 13 Km. O prezo da andaina ascende a 5 euros e será ingresado no número de conta ES12 2080 5011 8230 4000 6781. Está prevista a entrega de agasallos para todos os participantes e unha degustación de

lamprea e viño de Arbo. As inscricións poderán recollerse nas oficinas municipais ou baixarse da páxina web do Concello (www.concellodearbo.es)

Este evento non só nos leva a coñecer as rutas de sendeirismo que se converteron nunha boa fonte para mostrar os feitizos de cada zona, senón que ademais convidamos os participantes a degustar os produtos estrela da nosa gastronomía, a lamprea e os viños das nosas adegas con D.O. Rías Baixas.

Xuntanzas sobre prevención de lumes

Coa finalidade de velar pola conservación, protección, rexenaración e mellora dos nosos montes, de acordo coa Lei de Prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, en cuestión de medidas preventivas para a loita contrato o lume, así como as estratexias para a súa extinción, o Concello de Arbo vai celebrar unha xornadas informa-

tivas para a toma de medidas en prevención de incendios forestais.

O domingo 13 ás doce menos cuarto terá lugar na igrexa de Sela, e o domingo 20 de maio ás cinco da tarde no Centro de Interpretación Rede Natura 2000 en Mourentán e ás sete da tarde nas Escolas de Cequeliños.

Inspección de sulfatadoras en Arbo

A Unidade Móbil ITEAF, para inspección técnica de equipos de aplicación de fitosanitarios estará ubicada nas instalacións de Talleres Julio Vidal, no lugar das Regadas en Arbo, o venres 25 de maio.

Esta inspección é obrigatoria para todas as máquinas de sulfatar, xeran do tipo que sexan, que teñan máis de 5 anos de antigüidade (dende a compra),

e máis de 100 litros de depósito.

Pódese solicitar cita previa no 981 79 25 19 ou contactando con talleres Julio Vidal, que é entidade colaborada.

Os interesados deberá acudir co vehículo o lugar indicado en posesión do DNI e toda a documentación do vehículo (tarxeta de inspección técnica, permiso de circulación, cartilla agrícola de inscrición).

Adxudicadas as obras de acondicionamento das piscinas por 79.482,48 €.



Proxéctase unha pequena praza con pavimento de formigón e zona axardinada. Executarase cunha pendente mínima do 2% cara ao viario e delimitarase con bolaridos para evitar que sexa invadida polos automóviles.

Proxéctase unha caseta de dimensións mínimas, cuxa envolvente achegue transparencia e lixeireza á construción. Peche para delimitación de zonas, permitindo un funcionamento conxunto ó independente.

Proxéctase un peche que inclúe o acceso ao recinto e a delimitación entre zona de piscina e zona deportiva e xogos. É un peche modulado cunha disposición irregular dos seus elementos. Caracterízase pola súa permeabilidade visual e riqueza formal. Dispóñense portas correderas de amplas dimensións que permiten a comunicación e funcionamento conxunto entre as zonas.

A pérgola está encostada ao edificio de servizo. Presenta oxidación, polo que se aplicará unha

capa de pintura lisa, cor negra, previa preparación da superficie mediante lavado a alta presión, con cepillado e lijado das zonas oxidadas ou en mal estado.

As luminarias substitúense por luminarias de policarbonato, con LED IP65.

Revisaranse e repararán os puntos singulares de toda a cuberta, con selados e xuntas de estanqueidad. As xanelas necesitan dun selado perimetral continuo, os paramentos exteriores presentan desconchados, polo que se pintará toda a fachada previa preparación do soporte. A fachada do local revestida con morteiro de cemento pínase. Reparación da pista polideportiva e equipamento para a mesma.

Preténdese completar o peche vexetal, xa que existen amplas zonas despobladas, con sebes que acheguen variedade cromática. Previo á plantación analizarase o substrato existente e tratarase contra fungos ou outros parasitos. Sobre a cuberta da sala de caldeiras, colócase sobre xardineiras de aceiro cortén.



Tel: 986 648 040 * AS NEVES (Pontevedra)



Restaurante Casa Calvino

Gastronomía tradicional
Lamprea a la bordalesa (en su salsa)
Lamprea ahumada (rellena y adobada)
Angulas - Cabrito lechal
Diversidad de vinos de calidad

Marquesa del Pazo, 34
Telf: 986 648 040

36440 AS NEVES
info@casacalvino.es



Cooperativa Condado Paradanta

36440 As Neves - Pontevedra
Telf: 986 664 602/ 629 813 675

comercial@requesonymiel.com
www.requesonymiel.com

O PORRIÑO

Convocan unha manifestación o 1 de xuño para esixir a eliminación do paso a nivel

Unha xuntanza convocada o mércores 9 a última hora da tarde, a instancia de todos os membros da Corporación do Porriño, integrantes de todos os grupos políticos da mesma, con entidades veciñais, sociais e culturais, comunidades de montes, representantes de sindicatos, de colectivos económicos e empresariais, de clubs deportivos, asociacións de comerciantes, de hostaleiros ou gremios de toda a vila, decidiuse iniciar mobilizacións para esixir ao Goberno de España que tome en serio a demanda, que cumpre xa 70 anos, de eliminar o paso a nivel do Porriño.

Todos os representantes dos

grupos municipais, sen excepción, consideraron que acabou o tempo de pedir a ADIF e ao Goberno que o tren deixe de pasar polo centro da vila e chegou xa o de que as porriñeses e os porriñeses saia a rúa, de xeito constante, masivo e continuado para que os responsables públicos decidan acabar con esta situación.

A alcaldesa, Eva García de la Torre, fixo un repaso do que pasou dende o ano 2007, cando o Ministerio de Fomento elaborara un proxecto no que se recollía a supresión do paso a nivel logo do desvío da actual traxectoria da vía e que, advertiu, "caducará en novembro deste mesmo ano".

García de la Torre lembrou a



xuntanza mantida en Madrid, en setembro de 2015 con dirixentes de ADIF; o accidente de setembro de 2016 no que morreron 4 persoas e outro medio centenar resultaron feridas; a visita a O Porriño da directora xeral de Infraestruturas de ADIF, en setembro do ano pasado, cunha proposta, "rexeitada, sen fisuras por toda a

Corporación", que pasaba por 'emparedar' a vía tras uns muros abrindo un paso soterrado para peóns e vehículos.

Finalmente, sinalou, foron ata "cinco representantes de ADIF os que viñeron o pasado 17 de abril para, salientou a alcaldesa, "preguntarnos cómo estábamos e qué queríamos, sen plan ou proposta algunha

para quitar o paso a nivel".

Foi esta actitude a que levou á Corporación a decidir que había que prescindir das negociacións con ADIF logo do que parecía unha 'tomadura de pelo' e tener coma único interlocutor ao Ministerio de Fomento, polo cal o 23 de abril remitiuse unha carta a ministro, Íñigo de la Serna, pedindo unha xuntanza, carta que non tivo resposta a día de hoxe.

Ante todas estas circunstancias, e dacordo con todas as asociacións, clubs, colectivos e entidades locais, acordouse conxuntamente cos voceiros dos grupos políticos municipais, convocar para o vindeiro 1 de xuño, venres, ás 8 da tarde unha manifestación, á que se pide a asistencia de todas as veciñas e veciños, para esixir o desvío da vía do tren do centro do Porriño e a supresión do paso a nivel.

Baixada do paro en abril

O Porriño liderou o mes pasado, xunto con Vigo, a creación de emprego na Área Metropolitana de Vigo. A finais do mes pasado había na vila 1.600 persoas, 68 menos que a finais de marzo.

Dacordo cos datos publicados este venres polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social, e a Consellería de Economía, Emprego e Industria da

Xunta de Galicia, a taxa de desemprego situouse no Porriño no 17,3%, preto de 6 puntos menos que cando o actual Goberno Local empezara o seu mandato, cando 2.139 porriñeses estaban na procura dun posto de traballo, 539 máis que na actualidade.

En relación co mes de abril de 2017, o número de veciñas e veciños anotadas coma demandantes na oficina do Servizo

Galego de Emprego baixou de 1.842 a 1.600, o que supón que hai 241 traballadoras e traballadores máis no Porriño: en so un ano o paro caeu en máis de 3 puntos.

A alcaldesa, Eva García de la Torre subliña que "as medidas que estamos a impulsar dende o Goberno local están dando os seus froitos". O programa 'Porriño Accede', baseado en convenios asinados entre o Concello e empresas da vila, grazas ao cal o ano pasado 67 persoas atoparon traballo logo de ter completado este programa, o

que representa o 55,8% de todas e todos os participantes no mesmo, unha proporción que no caso das industrias do sector da automoción é do 73,3% -con 55 insercións de 75 alumnas e alumnos

Doutra banda, o 'Plan de Emprego para Mulleres (PIEM)', dirixido este ano a un total de 85 porriñesas en situación de desemprego, especialmente, mulleres novas, menores de 30 anos e sen cualificación profesional, conquistou xa que, o mes pasado, 11 delas comezaban a traballar coma solda-

doras na planta de Viza Automoción no Porriño, que conta cun plantel de 500 persoas e subministra os seus produtos a grupos tan importantes coma PSA Peugeot Citroën, Audi, Renault, Volkswagen, Mercedes, Toyota ou Porsche.

Dentro destes mesmos programas, 16 persoas iniciaron as súas prácticas en Gestamp grupo internacional adicado ao deseño, desenvolvemento e fabricación de compoñentes metálicos para o automóvil, de cara a súa posible integración laboral nesta compañía.

Pizzeria D'Camilo
V.P. Vidal, 25
Salceda de Caselas
Telf.: 986 34 06 61

Bodega Z-9
C. Doctor Zúñiga Nº 11
Telf.: 986 34 78 07 - Salceda de Caselas

Citanía
Mobiliario & Descanso
Victoriano Pérez Vidal, 13 - Salceda de Caselas
Telf./ Fax : 986 34 06 06
www.facebook.com - info@citaniasalceda.com
www.citaniasalceda.com

LOURIÑA

O PORRIÑO

Remata a reforma integral da estrada no lugar da Lomba, en Budiño

A Concellería de Vías e Obras vén de rematar no lugar da Lomba, no barrio de Vitureira, na parroquia de Budiño, a reforma integral da estrada que pasa por esta zona, “cumprindo cunha vella demanda dos residentes”.

O tenente de alcalde, Manuel Carrera, subliña que este proxecto, financiado na súa totalidade con cargo ao ‘Plan Concellos 2017’ da Deputación de Pontevedra, foi posible “grazas a cesión voluntaria e de balde por parte de varios veciños de parte das súas fincas para poder ampliar a calzada”.

A mesma pasou dun ancho de 3,5 ou 4 metros, nalgún treito, a 7,5 e 8 metros, nunha actuación sobre 500 metros lineais, na que ademais do asfaltado, “que non se realizaba dende hai máis de 30 anos”, levouse a cabo a instalación dun novo colector de sanea-



mento, que completa o existente, con 168 metros de tubaxes de pvc de 350 milímetros, con acometidas a vivendas con 290 metros de mangueras de auga e recollidas de pluviais, amais da reconstrución dos muros de peche das fincas.

Manuel Carrera subliña o “compromiso deste Goberno local e, particularmente o meu, coa mellora das comunicacións

das parroquias e con proxectos que permitan facer chegar a todas elas a rede de saneamento e abastecemento municipal”.

O tenente de alcalde agradece “moi especialmente, a súa xenerosidade ás veciñas e veciños de Vitureira que cederon parte das súas fincas para que esta nova estrada ampliada e todas as melloras que abrangue sexa unha realidade”.

A Biblioteca Municipal do Porriño, unha das 4 mellores bibliotecas públicas de Galicia

A Biblioteca Municipal do Porriño, é segundo os datos proporcionados pola Xunta, unha das 4 mellores bibliotecas públicas de Galicia.

Na actualidade, dacordo cos devanditos datos, a Biblioteca Municipal do Porriño é a primeira biblioteca galega en número de préstamos por habitante, superando un crecemento do 1.000% nos últimos 11 anos, un aumento que, dacordo coas estatísticas do primeiro trimestre deste 2018, indican que o número de préstamos aumentou un 30% en relación co mesmo período do ano pasado.

Hoxe a Biblioteca Municipal ten preto de 6.100 usuarios, está recoñecida pola Federación

Española de Municipios e Provincias (FEMP) coma unha das 350 mellores bibliotecas do Estado, recibindo esta distinción ata en 13 ocasións entre os anos 2002 e 2017 e, entre outros recoñecementos conta con Premio Mes de Abril da Xunta de Galicia, Mención Especial do Premio María Moliner de Animación á Lectura, do Ministerio de Cultura ou o 1º Premio Nacional de Animación á Lectura.

En febreiro de 2017 a Concellería de Cultura elixiu á Biblioteca do Porriño para integrarse na renovada Rede de Bibliotecas de Galicia baseada na plataforma de software de código aberto Koha; un ano antes puxo en marcha un programa de actividades, que se-

guiu en 2017 e 2018, no que participaron varios centos de persoas.

As devanditas actividades abranguen obradoiros de alfabetización dixital para persoas maiores, clubs de lectura, grupos de conversa en alemán e inglés con profesores titulados, obradoiros de fotografía dixital con profesionais, de escritura creativa, roteiros, cursos de cociña ou documentais.

Ese 2018, a Biblioteca ten en marcha o programa ‘Bibliocultura’, que supón a realización dunha obra de teatro infantil ao mes coa finalidade de animar á lectura e achegar as artes escénicas á poboación infantil: trátase de 9 actuacións de 9 compañías de teatros e monicreques de Galicia.



Alcaldes reiteran no Porriño o seu compromiso co futuro de Maderas Iglesias

As alcaldesas e alcaldes de Mos, Nidia Arévalo, As Neves, Xosé Manuel Rodríguez, Salceda, Marcos Besada, Ponteareas, Xosé Represas, Mondariz, Xoán Carlos Montes, O Porriño, Eva García de la Torre, e a tenente de alcalde de Salvaterra, Marta Valcarcel, mantiveron o venres día 11 unha xuntanza no Concello do Porriño, a petición do representante do Comité de Empresa de Maderas Iglesias, Vicente Molares, para ter información de primeira

man, e polo miúdo, da situación actual da compañía e das xestións realizadas ata o momento para afrontar a difícil situación que atravesaba a firma.

Os rexedores amosaron o seu interese por estreitar os contactos e saber o que acontece con Maderas Iglesias, que dende hai varios meses vive unha situación moi complicada, e manter as súa contribución para que se asegure a continuidade da empresa e, especialmente, os 250 postos de traballo.

A Deputación achega 248.000€ para a contratar a 27 persoas

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra vén de aprobar unha nova achega ao Concello do Porriño, neste caso no marco da Liña 3 de Emprego do Plan Concellos, por un importe de 248.115,20€ para que poida contratar a 27 persoas a fin de “garantir servizos básicos municipais”.

Ao través desta subvención, o Goberno local do Porriño poderá financiar a contratación de persoal para enfermería, arquivo, administración, albanelería, obras públicas, carpintería, fontanería, electricista, condución de escavadora e tractor, limpeza, pintura ou para o servizo de recursos humanos.

Coma salientou a presi-



denta da Deputación, Carmela Silva, este ano a liña 3 do Plan Concellos da institución provincial está dotada de 9.540.000€, un 2,5 % máis que no 2017.

SALCEDA

Salceda investirá máis de 365.000 € do Plan Concellos en mellorar viais do Casco Urbano

O Concello de Salceda destina un total de 365.139,33 € do Plan Concellos 2018 a mellorar viais principais do casco urbano. Desta partida, 123.769,33 € corresponden á anunciada humanización da Rúa Compostela; 203.854,82 € será a aportación do 30% que o Concello ten que facer para a urbanización da Rúa Gándara que acometerá conxuntamente coa Deputación de Pontevedra que asume o 70% restante, e resérvanse 37.515,99 € para o asfaltado do primeiro tramo da Rúa Rosalía de Castro, dende a rotonda de confluencia coa Avenida Victoriano Pérez Vidal ata o remate do CEP Altamira, na entrada para o CRA Raíña Aragonta.

A Rúa Rosalía de Castro é un vial fundamental para a organización do casco urbano, con unha elevadísima densidade de tráfico e que ademais dá servizo á zona escolar e deportiva de Altamira. Nestes días estase a traballar na reorganización do tráfico na zona, coa eliminación de zonas de estacionamento en



puntos que estaban a ocasionar constantes atascos. Lembran dende o Concello de Salceda que a Rúa Rosalía de Castro conta con amplas zonas de aparcadoiros disuasorios, polo que o servizo está garantido en toda a rúa. A actuación completárase coa creación de 21 novas prazas de zona azul que contribúen á dinamización do comercio local. Para o establecemento destas novas prazas de zona o Equipo de Goberno mantivo conversas con diversos/as comerciantes da zona así como con ACISA, na procura

do mellor resultado para o comercio.

Marcos Besada, Alcalde de Salceda: "O proceso de reordenación do tráfico no casco urbano busca mellorar a fluidez de tránsito, así como garantir a seguridade para os peóns. Seguimos a construír a Salceda das persoas, e estamos nun momento clave de cambios que desembocará na aprobación do I Plan de Mobilidade Sustentable de Salceda, no camiño de converter a nosa vila en referencia dentro das Cidades dos Nenos e das Nenas".

Unha vintena de asociacións participaron nas primeiras mesas do I Plan de Mobilidade Sustentable

Dentro proceso de elaboración do I Plan de Mobilidade Sustentable de Salceda de Caselas, ven de celebrarse a primeira xornada de participación para os colectivos na Casa da Cultura. A xornada comezou coas xuntanzas que mantivo a empresa redactora do Plan cos grupos políticos da oposición, PP e PSOE, para continuar con tres quedas con representantes veciñais, unha de mañán e dúas de tarde. Foron convidados a esta xornada tanto os colectivos e asociacións veciñais como as ANPAS dos centros de ensino públicos, asociacións culturais e deportivas ou comunidades de montes das parroquias.

No conxunto da xornada participaron un total de 30 persoas ás que se lles compartiron os primeiros datos acadados mediante as máis de 150 enquisas xa realizadas e das medicións de tráfico, número de prazas de estacionamento e fluxos peonís avaliados. Entre eses datos destacase que o 87% das beirarrúas de Salceda teñen un ancho inferior a 1,80 metros polo que non son accesibles, o que fai de vital importancia o proceso de humanización das diferentes rúas e espazos que se están a cometer nos últimos anos. Ademais, dous tercios do espazo público están adicados en exclusiva ao vehículo privado para circulación e aparcadoiros, en detrimento do tráfico peonil. Estas cifras veñen a demostrar a necesidade dun Plan de Mobilidade como este, que o Equipo

de Goberno espera ter rematado e aprobado neste ano 2018.

As persoas asistentes ás xuntanzas participaron tamén nun cuestionario e nunha dinámica de traballo sobre problemáticas e propostas para a mellora da mobilidade sustentable de Salceda de Caselas.

O Concello de Salceda traballa na redacción do I Plan de Mobilidade Sustentable, co apoio da Deputación de Pontevedra, que fará unha aportación de 15.000 €, dos 19.965 € que custa o proxecto. O obxectivo fundamental é o de establecer o libro de ruta que seguir nas vindeiras actuacións que se leven a cabo, na liña de seguir a recuperar a vila para as persoas. É importante, sobre todo, garantirllas aos nenos e nenas a súa autonomía para saír da casa, para ir xogar cos amigos e amigas e para ir a escola a pé e sós/soas; hai que garantirllas tamén ás persoas con diversidade funcional percorridos sen barreiras e con solucións de continuidade; á terceira idade, pasos de peóns e encrucilladas seguras... En definitiva, o PMUS busca asegurarlle a toda a cidadanía unha posibilidade real de movemento, de ir á escola, ao traballo e a divertirse por outros medios que non sexan o coche particular, e darlle prioridade a ir a pé ou en bicicleta, correspondéndose coa liña que humanizacións e recuperacións de espazos públicos que está a desenrolar o Goberno Municipal dende o ano 2007.



**Xornal galaico-portugués
busca xornalista e comercial
para O CONDADO e A LOURIÑA**

**Boas condicións . Precísase con coche
Enviar curriculum e experiencia a:
redaccion.ndt@gmail.com**

LOURINHA

SALCEDA / MOS

Salceda contrata a nove persoas en situación de desemprego

O Concello de Salceda ven de incorporar á súa plantilla un total de 9 veciñas e veciños en situación de desemprego ao abeiro do Plan Concellos da Deputación de Pontevedra.

As prazas cubertas son as de 1 animadora sociocultural, 1 orientadora profesional para a inserción, 2 albaneis, 2 persoas de limpeza, 1 condutor de camión e 2 administrativas. Segundo o previsto, os contratos irán dende o 2 de maio ata o 31 de decembro de 2018.

A Concelleira de Formación e Emprego e primeira tenente de alcalde do Concello de Salceda, Loli Castiñeira, sinalaba a importancia desta nova quenda de contratacións "que contribuirán a paliar a dura situación que viven moitos dos nosos veciños e veciñas que están en situación de desemprego".

Por outra banda, as contratacións servirán para dar cobertura ás demandas da veciñanza, cubrindo as necesidades dos servizos básicos xestionados dende o propio Concello, tanto dentro como fora das



instalacións municipais.

O Equipo de Goberno destacou a transparencia de todo o proceso, así como a igualdade de oportunidades. Mostra delo é que das 9 persoas contratadas solo dúas traballaron previamente no Concello de Salceda, sendo as 7 restantes a primeira ocasión en que teñen oportunidade de formar parte da plantilla municipal. Lembran dende o equipo de Goberno que dende o ano 2007 se eliminou a presenza de cargos políticos nos tribunais de selección, que agora están formados

unicamente por persoal municipal, garantindo así os máximos criterios de obxectividade e transparencia.

Marcos Besada, Alcalde de Salceda: "A transparencia coa que se levou a cabo todo o proceso garante que as persoas seleccionadas sexan merecedoras do posto, e que accedan ao mesmo en igualdade de oportunidades co resto de candidatos/as. Estas contratacións mellorarán sen dúbida os servizos que o Concello ofrece á cidadanía, e que agora se ven reforzados con máis persoal".

O Bng de Mos asombrado coa resposta da Alcaldía sobre as contas

Parece que o concello de Mos, segundo os nacionalistas, non ten outra cousa mellor que facer que contestar dun xeito asombrosamente simplón as notas do BNG.

Demóstrase a ineptitude do Concelleiro da Facenda e o pouco valor en que considera o manexo do diñeiro público. Para os membros do goberno do PP é normal asistir ás comisións sen ter estudado os temas a tratar; para nós, din os concelleiros do BNG o diñeiro público é sagrado. Comprobar como se dilapida sen control fainos reafirmar cada vez máis que somos indispensables para denunciar que non todo é perfecto como queren facernos crer.

Voltan vdes. aos anos 2010 e 2011 nos que as facturas se acumulaban sen control e só pensaban en gañar as seguintes eleccións.

O BNG de Mos, seguen os nacionalistas, respecta enormemente o labor dos funcionarios. Grazas a eles podemos comprobar cos informes que nos facilitan que a economía do concello non vai ben como se di dende o goberno.

Dos catro apartados do informe de "liquidación do orzamento" dous son positivos e dous negativos. Non se compre o "obxectivo da regra de gasto" nin o "periodo medio de pago".

Polo incumprimento do Obxectivo de regra de gasto (-427.000€), o goberno debe facer un Plan económico-financieiro no prazo dun mes, que permita neste ano ou no seguinte cumprir este parámetro. O Remanente de tesourería é negativo (-876.000€); isto obriga a compensalo neste ou no orzamento que ven; ou sexa, van ter 876.000€ euros menos para gastar. As facturas sen pagar alcanzan, algunhas, un ano. Sen comentarios.

Isto son datos reais sacados dos informes dos funcionarios, non opinións políticas, o que demostra o desastre económico do Concello. Xa lles aconsellamos mercar máis caixóns para gardar as facturas sen pagar.

Os nacionalistas afirman que fan un traballo correcto tal como está a economía do Concello; que esa é a súa obriga. Aconsellan aos gobernantes locais que pensen ben no que teñen entre mans.

Roubo de plantas dos maceteros que adornan os arredores do Pazo de Mos

As plantas ornamentales instaladas nos maceteros da zona peatonal de "A Rúa" situada nos arredores do Pazo de Mos, por onde transcorre o tramo do Camiño de Santiago, están sendo obxecto de continuos roubos por parte de desaprensivos.

Así o denuncia o concelleiro delegado de Medio Ambiente e Xardíns, Cándido Pérez, quen fai un chamamento á cidadanía para que colabore cuidando os equipamentos urbanos.

"Desde o Concello solicitamos

a colaboración cidadá para lograr o mantemento dos espazos públicos en boas condicións, sobre todo nesta época que recibimos tantos visitantes e peregrinos. Solicitamos que se contribúa a coidar a imaxe de Mos", manifestou esta mañá o concelleiro.

Ademais de prexudicar a imaxe do municipio, ao presentarse os maceteros das zonas peatonales baleiros, o traballo de reposición de plantas ten un custo económico para o Concello, non só polo gasto

que supón a compra de novas plantas, senón que as empresas e os operarios teñen que volver traballar en áreas polas que xa pasaron, o que resta tempo de traballo no mantemento doutras zonas verdes e camiños municipais.

Doutra banda, tamén desaparecieron gran parte de lasas de caucho do chan do parque de San Eleuterio, situación que sumada á anterior provocou gran indignación tanto no goberno mosense como nos propios veciños que así o declara-



ban esta mesma mañá nos arredores do Pazo de Mos; "Como poden existir persoas que se dedican a roubar as plantas e a esnaquizar os lugares comúns que son de todos? É lamentable. Están axardinando Mos e cando embelecen unha zona, a estropean ou rouban, é decepcionante. Son actos vandá-

licos que repercuten en todos os veciños do municipio, non se pode permitir"

A Alcaldesa, pola súa banda anuncia que se tomarán medidas e reforzase a seguridade e vixilancia por parte das forzas policiais e de protección civil, en todas as zonas públicas e de mobiliario urbano.

Ana Miranda pregunta á Comisión Europea sobre o impacto dos residuos plásticos na pesca

A eurodeputada do BNG e integrante Comisión de Pesca do Parlamento Europeo, Ana Miranda, destaca a necesidade de coñecer o impacto dos residuos plásticos na pesca. Miranda así o manifestou tras manter unha xuntanza co investigador do Centro Oceanográfico de Vigo, Jesús Gago, especialista neste eido, e a directora do instituto Victoria Besada.

Ana Miranda diríxese á Comisión Europea para saber que fai esta entidade para reducir os plásticos na pesca, no marisqueo e na acuicultura, así como cales son os indicadores que utiliza para detectar a súa presenza e os prazos temporais que manexa.

“Temos que manter o equilibrio entre os sectores produtivos tan importantes para o noso país, como a pesca, o marisqueo e a acuicultura, e o coidado do medio ambiente”, subliña a eurodeputada nacionalista.



xuntanza que a eurodeputada Ana Miranda mantivo coa directora do Centro Oceanográfico de Vigo, Victoria Besada, e o investigador Jesús Gago.

Segundo mostran as investigacións recentes, os microplásticos liberados no medio mariño entran na cadea alimentaria e así os seres humanos terminan consumíndoos. Ademais, algúns expertos afirman que no 2050, nos océanos se poderá atopar máis plástico que peixe. “Sen querer ser alarmistas, temos que evitar que isto aconteza”, subliña a eurodeputada.

Economía circular

A primeira estratexia europea sobre plásticos foi presentada

no pasado mes de xaneiro co obxectivo de impulsar o desenvolvemento dunha economía máis circular. Para 2030 todos os envases de plástico serán reciclables. Tamén inclúe a redución do lixo mariño coas instalacións portuarias de recollida de residuos xerados nos buques. . Neste sentido, a eurodeputada do BNG insta á Comisión a acelerar o proceso xa iniciado e afondar na reutilización deses materiais, xa que non sempre é posible a súa reciclaxe.

CxG indica a urxencia do novo PXOM ante a burbulla inmobiliaria e o conflito do PAU de Navia

O novo PAU de Navia promovido pola Xunta rompe o proxecto deseñado na etapa de Xosé Cuiña como conselleiro e que contaba co consenso de todos os actores implicados. Anotan tamén os galeguistas que a falta de PXOU está a provocar unha nova burbulla no mercado de aluguer na cidade e unha evidente falla de obra nova.

O anterior proxecto para Navia incluía dotacións e unha edificabilidade menos agresiva, no actual a edificabilidade aumenta e diminúen as dotacións de servizos. O Proxecto deseñado incluía unha serie de zonas verdes e de equipa-

mentos para o novo barrio de Navia que a actual Xunta de Feijóo pasa por alto, destruindo un proxecto que contaba co acordo de todos os actores implicados.

Na mesma os galeguistas apuntan que en Vigo está a crearse un terrible problema habitacional, xa que non existe obra nova e o mercado de aluguer ten disparado os seus prezos ante o forte aumento da demanda, facendo xa de Vigo a 5ª cidade do estado máis cara para o aluguer de vivenda.

Pola súa banda, o Concello de Vigo, segue a dar bandazos no que refere ao planeamento urbanístico e o novo PXOM

segue escondido en calquer gaveta do despacho do alcalde Abel Caballero. A tensión entre Xunta e Concello segue a ter por máximos perxudicados aos habitantes da cidade e da comarca, temos conflictividade permanente entre Xunta e Concello en temas fundamentais como o transporte metropolitano, as dotacións de servizos do hospital Alvaro Cunqueiro, o estadio de Balaidos, as subvencións a aerioliñas en Peinador, o suministro da auga,... todo en detrimento do benestar de vigueses e viguesas, que finalmente son os que padecen as malas artes dos actuais gobernantes.

CxG denuncia os altos niveis de E.Coli na EDAR do Lagares

O secretario local de CxG en Vigo, Cortés Alonso, chama a Xunta e Concello a revisar o funcionamento dunha depuradora onde foron invertidos 208 millóns de euros e que foi inaugurada no pasado mes de abril.

Os actuais niveis de E. Coli detectados no radio da macrodepuradora seguen a estar moi por encima dos máximos legais permitidos.

O Proxecto deseñado e levado a fin por Acuaes, sociedade dependente do ministerio de medio ambiente, segundo análises realizadas segue sen cumprir a normativa europea sobre tratamento de augas residuais. Desde CxG Vigo alertan da calidade da auga na xunqueira e na foz do Lagares, o que xa ten provocado no ano pasado o peche ao baño do areal de Samil. A calidade microbiolóxica das augas, logo da posta en funcionamento da nova EDAR segue a ser moi baixa e marca moi por debaixo dos niveis legais establecidos. A formación galeguista olla con asombro como as inversións do estado na cidade e na súa comarca están a converterse en enormes lousas

que afogan a calidade de vida dos vigueses e viguesas, como estamos a ver que sucede coa ampliación da ponte de Rande, as obras “ad infinitum” na autovía Vigo-Porrriño ou a mal chamada liña de AVE Vigo-A Coruña.

“As palabras de Abel Caballero resoan agora no ar como unha maldición xa que vamos ter novamente unha depuradora que non depura, e que segundo dixo o actual alcalde, vainos durar 50 anos”.

Para o secretario local dos galeguistas o anuncio de Abel Caballero de que tiñamos depuradora para 50 anos non pasa de ser outra das moitas fantocherías e brabuconadas do actual rexedor. Nesta liña, Cortés Alonso, indica que nesta cidade parecen terse posto de acordo tanto PP, coa súa nefasta xestión nos tempos nos que tivo a alcaldía e nos que Vigo esmoreceu, como o PSOE, cunha xestión unipersonal e dedicada unicamente ao boato e ao superficial, para deixar a Vigo nunha situación ao borde do conflito permanente; deixando entretanto esvaírse a economía da cidade sobre a que, de non virar as cousas, recae un futuro máis que cinzento.

Visita a nosa web
www.novasdoeixoatlantico.com



BAIXO MIÑO

A GUARDA

A V edición da ruta gastronómica «Tapearte» comezará a vindeira fin de semana

A Guarda acollerá a quinta edición da ruta gastronómica «Tapearte» a partir do venres 18 de maio. Durante tres fins de semanas consecutivas, veciñanza e visitantes poderán degustar preto dunha vintena de diferentes tapas nos establecementos guardeses participantes, que ofrecerán as súas creación a un prezo unitario de 2€.

A ruta gastronómica, organizada polo Concello da Guarda, terá lugar os venres sábados e domingos durante tres fins de semana consecutivas, dende o

18 de maio ata o 3 de xuño. O seu obxectivo é impulsar a gastronomía local e promocionar as populares alfombras florais do Santísimo que se realizarán no casco antigo da vila na noite do sábado 2 de xuño.

Nesta nova edición, «Tapearte» contará cun total de 19 bares e restaurantes guardeses adheridos: Alameda, Art Café, Bitadorna, Boc & Pix, Camping Santa Tecla, Celtic, El Paseo, Enxebre, Kanella's, La Botica, La Casilla, La Pizzicata, Marbella, Novo Funil, O Cangrexal, Pool Chaos, Xantar,

Xeio e Y la luna?.

Os «ruteiros» e as «ruteiras» contarán cun pasaporte no que, ademais da información necesaria para a realización do seu propio itinerario gastronómico, poderán selar aquelas tapas que xa teñan degustado e participar en sorteos de produtos. Para isto, será preciso depositar os pasaportes cun mínimo de 6 selos nas urnas que estarán dispoñibles en cada un dos establecementos participantes e na Oficina de Turismo do Concello da Guarda. Ademais,



aquelas persoas que reúnan un mínimo de 10 selos, recibirán un agasallo directo.

Os participantes na ruta como comensais poderán, ademais, valorar a calidade das tapas consumidas. Froito desta

valoración, a organización anunciará aos gañadores do Concurso da Mellor Tapa «Tapearte» 2018, con premios en dúas categorías: a tapa mellor valorada e a preparación máis consumida.

O Concello da Guarda informa das alternativas viables para o traslado do 'mercadillo'

Membros do equipo de goberno municipal e representantes das asociacións de comerciantes da Guarda participaron nunha sesión extraordinaria da Mesa Local de Comercio na que se informou sobre as alternativas á actual localización do mercado popular que se celebra os sábados.

Asistiron á reunión o alcalde do Concello da Guarda, Antonio Lomba; os concelleiros Montserrat Magallanes, Paulino Rodríguez e M^a Elena Baz; A representante da Asociación A Guarda Centro Comercial Aberto (CCA), Carmen M^a García; o representante de Mercaguarda, Nicolás Andura; o presidenta de AGUDE, Carmen M^a Álvarez; e Delia Brandón, en representación da asociación Mercado do Reló.

Os representantes municipais trasladaron aos comerciantes as conclusións dos informes técnicos elaborados pola Policía Local sobre as tres alternativas propostas, tendo en conta a extensión



Mesa local de comercio.

necesaria para a celebración do 'mercadillo', que na actualidade dispón de preto de 500 metros lineais.

A edil de Comercio, Montserrat Magallanes, informou aos asistentes da inviabilidade de dúas das tres propostas presentadas previamente polos comerciantes, toda vez que as rúas Joaquín Alonso e Vicente Sobrino carecen do espazo necesario para a instalación dos postos de venda e a rúa Manuel Álvarez conta con 11 entradas de garaxe e 163 prazas de aparcamento que dificultarían o normal desenvolvemento do mercado.

Segundo o informe, a derradeira alternativa para o traslado -á contorna da Alameda- sería a única coas características necesarias para acoller a feira, que podería celebrarse nas rúas Rosalía de Castro e Transversal Troncoso, na rúa Rosalía de Castro e a parte baixa la Alameda ou ben na rúa Galicia. Con todo, o equipo de goberno comprometeuse a analizar a viabilidade do traslado á esta última, atendendo especialmente ao tráfico. A asociación A Guarda CCA propuxo en última instancia o traslado do mercado ao recinto do antigo Estadio do Tecla.

Aberto o prazo de prematriculación no Conservatorio de Música da Guarda

O Conservatorio de Música da Guarda vén de abrir o prazo de prematriculación para o curso 2018/2019 nas súas distintas especialidades.

As persoas interesadas en aprender a tocar a fruta traveseira, o clarinete, o saxofón, a guitarra eléctrica ou clásica, a gaita, o piano, a trompeta, a trompa, o trombón, a tuba, o violín

ou a viola poderán preinscribirse ata o vindeiro 31 de maio no conservatorio municipal.

Para máis información, poderán dirixirse ao centro situado na rúa Vigo (15:00 a 20:00 h), chamando ao teléfono 986 613 002 ou ben a través do correo electrónico cmus.elemental.aguarda@edu.xunta.es.

Aberto o prazo de inscrición no curso preparatorio para o graduado en ESO

O Concello da Guarda promove un novo curso preparatorio para as probas de obtención do graduado en Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) que se celebrarán no mes de setembro en modalidade libre. O curso diríxese ao alumnado que non conseguiu o graduado ou a aquelas persoas que, debido a súa idade, atópanse fora do ámbito escolar.

O curso impartirase entre xuño e setembro de 2018 no

antigo colexio Sinde, en horario de mañá e o prazo de inscrición estará aberto ata o 1 de xuño. As persoas interesadas poderán inscribirse e obter máis información na Oficina de Información á Xuventude (OMIX) do Concello da Guarda, chamando ao 986 614 546, ou ben na Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local (AEDL), chamando ao 986 610 000 ou no correo electrónico emprego@aguarda.es.

A GUARDA

As praias do Muíño e Area Grande renovan a bandeira azul



Praia do Muíño

A Asociación de Educación Ambiental e do Consumidor (ADEAC) e a rama española da Federación Europea de Educación Ambiental (FEE) deron onte a coñecer a listaxe de praias españolas recoñecidas con bandeira azul para este verán, entre as que se atopan os areais guardeses de Area Grande e O Muíño.

Ámbalas dúas praias renovan o distintivo acadado por primeira vez en 2009 (Area Grande) e 2010 (O Muíño) e co que se salienta a súa calidade medioambiental e de servizos. Así, os areais volverán contar

este verán cos criterios esixidos polo distintivo de bandeira azul: paneis informativos, actividades de educación ambiental, análise da calidade das augas, servizo de limpeza e recollida de residuos, servizo de salvamento e socorrismo, e instalación como duchas e aseos.

Amais do recoñecemento ás praias, A Guarda conta coa Senda Litoral recoñecida como Sendeiro Azul. O vieiro, que renova o distintivo dende o ano 2013, comunica as praias do Muíño e Area Grande pasando polos areais de Fedorento e O Carreiro, con preto de 5 km de lonxitude.

A Guarda celebrará a súa XI Feira do Libro o domingo 20 de maio

A undécima edición da Feira do Libro da Guarda celebrarase o vindeiro domingo 20 de maio na Praza do Reló. Alí, entre as 11:00 e as 20:00 horas, librarías guardesas e da comarca ofrecerán o seu material cun desconto do 20% sobre o seu prezo orixinal.



A xornada completarase cunha variada programación cultural e de ocio para todos os públicos. Así, os cativos e cativas poderán participar nos obradoiros infantís que se celebrarán na praza entre as 11:30 e as 13:30 horas. Os e as participantes no curso de monitor/a de tempo libre organizado polo Concello da Guarda serán os encargados de amenizar a mañá aos máis pequenos, con xogos e diferentes actividades lúdicas.

Chegadas ás 12:30 horas, as persoas adultas poderán sumarse á festa na sesión vermú a cargo do grupo de hot jazz Low Bay Hot Band. Xa pola tarde, entre as 16:30 e as 18:30 h, as familias poderán compartir un espazo de diversión da man da empresa Brazolinda, que traerá ata A Guarda os seus orixinais xogos de mesa en galego, aptos para crianzas dende 1 ano.

O grupo de música infantil e familiar Mamá Cabra será o encargado de pór o broche de ouro a esta xornada de exaltación da cultura, cunha actuación que dará comezo ás 18:30 horas. Ao remate do concerto, os membros do grupo asinarán discos a todas e todos aqueles que se acheguen cos seus exemplares. Tras a actuación de Mamá Cabra, ademais, todas as persoas presentes poderán participar nun sorteo con lotes de libros, camisetas, obras de María Victoria Moreno e outros agasallos de Mamá cabra e David Regueiro, de Low Bay Hot Band.

As librarías participantes nesta nova edición da Feira do Libro guardesa serán Atlántica, Ler e Cervantes (A Guarda), Ideas (O Rosal) e Libraida (Gondomar). En caso de choiva, as actividades trasladaranse á Casa dos Alonso.

www.novasdoeixoatlantico.com



NOVAS DA RAIÁ

TUI

O alcalde de Tui, Carlos Vázquez Padín, emitiu un bando no que se lembra da obriga dos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións de conservalos en condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade e ornato. O incumprimento desta obriga e a negativa as ordes de execución que poida ditar o concello poderán levar a imposición de multas de entre mil e 10 mil euros, reiterables trimestralmente ata que se cumpra o ordenado, ou podendo o Concello acudir a execución forzosa subsidiaria a custa do infractor.

Dende o Concello de Tui lémbrese que segundo o recollido na Lei 3/2007 de Prevención de Defensa contra os incendios forestais de Ga-

Chamamento á cidadanía para manter os terreos e solares limpos para previr os incendios forestais

licia "...será obrigatorio para as persoas responsables (persoas titulares do dereito de aproveitamento sobre terreos forestais e terreos situados nas zonas de influencia forestal), xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, así como ao redor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, campings, gasolineras e parques e instalacións industriais, ubicadas a menos de 400 metros do monte e tamén ao redor das edificacións illadas en solo

rústico situadas a máis de 400 metros do monte".

Do mesmo xeito "nesa mesma franxa de 50 metros mencionada non poderá haber as

Monterrei, piñeiro de Oregón, mimosa, acacia negra, eucalipto, brecina, carqueixa, xesta, queiruga, fento, silva e toxo.

A limpeza débese facer antes do 31 de maio, e nesa data deben estar retirados os piñeiros, acacias, eucaliptos ou toxos na franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable

especies sinaladas na disposición adicional terceira" en concreto piñeiro galego, piñeiro silvestre, piñeiro de

No suposto de incumprimento das obrigas citadas - contempladas no artigo 21- por parte das persoas res-

ponsables, os entes locais enviaránlle unha comunicación na que se lembrará a súa obriga de xestión da biomasa vexetal e de retirada das especies prohibidas a realizar por eles nun prazo máximo de 15 días naturais, advertíndolles da posibilidade de execución subsidiaria por parte das entidades locais no caso de incumprimento e sen prexuízo da instrución do procedemento sancionador que corresponda e da aplicación de multas coercitivas por parte da Consellería do Medio Rural, se é o caso, segundo o procedemento establecido no artigo 22 da mencionada Lei de Incendios.

Por último dende o Concello de Tui lémbrese que o prazo para levar a cabo a limpeza total das malezas remata o 31 de maio.

O Alcalde e membros do COAG abordan coa Xefa provincial de Costas a convocatoria do concurso de ideas sobre o fronte fluvial do Miño

O obxectivo de avanzar na convocatoria dun concurso internacional de ideas para reordenar o fronte fluvial do río Miño entre a vella Ponte Internacional e a alameda de San Domingos o alcalde de Tui, Carlos Vázquez Padín, reuniuse hoxe coa xefa do servizo provincial de Costas, Cristina Paz-Curbera, e co presidente da delegación do COAG, Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, en Vigo, Antonio Davila, e o vogal da Xunta de Goberno do COAG, Simón Pereiro.

No encontro de hoxe a xefa provincial de Costas, Cristina Paz-Curbera, amosou a disposición do seu departamento de facilitar ao COAG a cartografía da que dispoñen, escala 1/1000. Ao tempo confirmo ao alcalde que Costas con carácter previo á convocatoria



do concurso non ten que emitir ningún tipo de informe.

Tal e coma avanzou hai uns días o rexedor tudense dende o concello plantéxase esta convocatoria tendo en conta que o río é un dos grandes activos que ten Tui, entendendo que "hai un gran potencial na mellora da interrelación dese espazo coa cidade e xerar máis valía urbana e en calidade de vida para os tudense, e converter o río en

fonte de riqueza e benestar". Ao tempo sinalou Carlos Vázquez Padín que se trata de "aproveitar moito mellor o potencial que nos da o río Miño" polo que esta convocatoria suporá unha gran oportunidade para Tui xa que posibilitará que arquitectos e enxeñeiros acheguen as súas propostas para este espazo entre a vella ponte internacional e a alameda de San Domingos.

Tui solicita a Fomento a mellora da Avenida de Portugal

Remitiuse dende o Concello de Tui unha memoria valorada ao Ministerio de Fomento, a través da Subdelegación do goberno en Pontevedra no que se solicita a transformación da Avenida de Portugal dende a vella Ponte Internacional até o cruzamento cara o cruce da Guarda e o Camiño Tenencia.

Segundo explica o alcalde, Carlos Vázquez Padín, solicítase a Fomento unha actuación

integral nesta zona da súa competencia tendo en conta que é a entrada a Galicia dende Portugal e que forma parte do Camiño Portugués a Santiago.

Demándase a mellora urbana de toda a zona, embelecendo este vial, creando amais unha rotonda no cruzamento entre a Avenida de Portugal e o Camiño Tenencia e a estrada N551 cara A Guarda, co que mellorar amais a seguridade vial na zona.



Visita subdelegada do goberno hai un mes a Tui

PORTUGAL

Cerveira e Valença criam Centro Intermunicipal de Proteção Civil no Cerval

Os municípios vizinhos de Vila Nova de Cerveira e de Valença vão avançar com a implementação de um instrumento de cooperação intermunicipal no âmbito da Proteção Civil e Defesa da Floresta contra Incêndios. Protocolo de colaboração foi formalizado, esta quarta-feira, com o principal objetivo da partilha de meios e recursos operacionais em prol da preservação e prevenção florestal, consubstanciada na segurança das populações.

É mais um capítulo, com caráter pioneiro, na conjugação de esforços a nível intermunicipal entre as autarquias de Vila Nova de Cerveira e Valença. Depois da anunciada elaboração do primeiro plano de pormenor supramunicipal em solo industrial para criar uma nova área empresarial conjunta de 140 hectares, os dois executivos municipais identificaram mais uma área de trabalho comum.

A constituição do Centro Intermunicipal de Proteção Civil no Cerval que resulta da formalização de um protocolo de colaboração celebrado, esta quarta-feira, em Valença, visa a partilha de meios e recursos afetos aos dois municípios em matéria de Proteção Civil e Defesa da Floresta Contra Incêndios. Privilegiando a centralidade estratégica, este acordo aponta ainda a promoção



da melhoria e capacitação das infraestruturas do aeródromo de Cerval na área de influência dos meios aéreos e terrestres no âmbito operacional de Proteção Civil.

Para o edil cerveirense, “o desenvolvimento sustentável dos territórios tem de ser trabalhado pela concertação entre os municípios. Por isso, as boas relações institucionais e as sinergias supramunicipais já encetadas entre as duas Câmaras Municipais justificam esta aposta numa área de capital importância, como é a Proteção Civil e Defesa da Floresta Contra Incêndios”. Fernando Nogueira assegura que “este é apenas um primeiro passo com o propósito de se formalizar o modelo numa Associação Intermunicipal de Proteção Civil, através da qual os municípios possam apresentar uma candidatura conjunta a fundos comunitários para obter apoios para desenvolver este projeto”.

Jorge Mendes, presidente da Câmara Municipal de Valença, acredita que hoje a cooperação é a chave para o progresso e o desenvolvimento sustentado dos territórios. Acrescentou ainda que Valença vai continuar disponível para cooperar com todos aqueles que possam trazer desenvolvimento sustentável, segurança e qualidade de vida aos seus cidadãos. “Valença e Vila Nova de Cerveira tem muito a ganhar com esta cooperação, espero que no futuro possamos continuar a encontrar soluções comuns para melhorar a vida dos nossos municípios.”

Enquanto instrumento de cooperação, o Centro Intermunicipal de Proteção Civil no Cerval pode ainda estabelecer parcerias de colaboração com outros agentes de Proteção Civil no âmbito do Dispositivo de Combate a Incêndios Florestais e demais matérias da competência da Proteção Civil.

Bombeiros Voluntários passam a ter Equipa de Intervenção Permanente

No início deste ano, evocando um “novo tempo para a proteção civil e a segurança”, o Ministro da Administração Interna assumiu com os bombeiros portugueses, a criação, até 2020, de equipas de intervenção permanente em todos os concelhos do continente. Esta decisão resulta das conclusões do grupo de trabalho constituído pelo Ministro da Administração Interna, que conta com a presença da Associação Nacional dos Municípios Portugueses, da Liga dos Bombeiros Portugueses e da Autoridade Nacional da Proteção Civil.

Neste sentido, a Câmara Municipal de Vila Nova de Cerveira vai avançar com a criação da Equipa de intervenção Permanente na corporação de bombeiros voluntários, passando a existir cinco bombeiros em permanência no quartel para ocorrer a qualquer urgência e emergência registada no concelho.



www.todocondado.com

**Talleres
Guiller Motor**


Puzo-Lira, 24
 36459 SALVATIERRA
 (Pontevedra)
 Tel/Fax 986 66 15 41

Venta de vehículos usados
 




Distribuidor oficial REPSOL para:
CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO


PONTEAREAS | 986 66 13 90
 986 66 13 89
 A GUARDA | 986 61 43 61



Fernando Trueba, Gracia Querejeta e Triángulo de Amor Bizarro súmanse á programación do 15º Festival de Cans

A Casa do Cid, espazo emblemático do Festival de Cans, acolleu hoxe a presentación do 15º Festival de Cans, na que se desvelou o programa ao completo, coas destacadas incorporacións dos cineastas Fernando Trueba e Gracia Querejeta, que participarán dos Coloquios no Espazo Mahou da Leira de Alicia, e de Triángulo de Amor Bizarro na parte musical, entre moitos outros nomes e actividades que se suman ás xa anunciadas para esta edición na que o Festival cumpre 15 primaveras. O éxito dos encontros con directores en edicións anteriores motivou que este ano se conte por primeira vez con dous coloquios en lugar de un e que estean protagonizados por dúas persoas da talla de Trueba e Querejeta, historia viva do cinema español. Pola súa banda, Triángulo de Amor Bizarro únense aos xa anunciados Burning ou Familia Caamagno, coa súa actuación no Torreiro, na que presentarán o seu recién editado EP El Gatopardo. Kevin Weatherill, dos Immaculate Fools, estreará o invernadoiro, un novo espazo singular de Cans.



Entre as novidades do programa, Pato fixo fincapé nas seccións A que andas?, na que se descubrirán os guións en proceso de Borja Cobeaga, Ángeles Huerta ou Ignacio Vilar entre outros e outras cineastas, e o habitual seguimento dos Fillos e fillas de Cans, nos que o público do festival poderá ver imaxes inéditas de filmes tan esperados como La sombra de la ley, de Dani de la Torre; Arima, de

Jaione Camborda, ou Nación de muchachos, de Javi Camino. Tamén destacou a atención ás conexións literarias do cinema, coa primeira proxección nun festival galego de Versogramas, documental de Belén Montero e Juan Lesta sobre o fenómeno das videopoesías; e o concurso de booktrailers 'Ollo de vidro'

o público infantil poderá desfrutar dunha programación para nenas e nenos

máis ampla que nunca: MiniCans incluírá música, proxeccións, maxia e toda unha serie de obradoiros no entorno do Parque do Río. A Noite dos Veciños do mércores tamén se amplía e pasa a celebrarse no Torreiro de Cans, onde se acollerá a proxección do documental sobre a mestra "Dona Sara" realizado no proxecto Cans303.

Ademais do xa anunciado Concerto Mahou Cinco Estrellas de Depedro e o showcooking de Lucía Freitas e Beni Couso, Mahou acollerá no seu Espazo na Leira de Alicia os coloquios de Fernando Trueba e Gracia Querejeta, os encontros Dálle caña cos realizadores e realizadoras das diferentes categorías e a Sesión Discochimpín de Edu Romero Dj.

A programación do Festival complétana unha mostra das viñetas de "O Bichero" de Luis Davila, a sección especial Contra o lume, con pezas que convidan á reflexión crítica sobre os incendios e o territorio, ou os roteiros conducidos por Xurxo Souto e Carlos Meixide, o primeiro centrado na música e o segundo de carácter cinéfilo-literario.

Óptica mahen
mahen audiotrâxica Ópticos desde 1939



Nº Reg. Sanitario E-36-000038

P O N T E A R E A S

r ú a s e n é n c a n i d o , 4